

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES. APUNTAMENTOS PARA A REFLEXIÓN

A convivencia nos centros educativos é un tema de enorme extensión e calado que non se pode abordar con pretensións nin de esgotalo nin de dicir algo indiscutible. Os apuntamentos que ofrecemos son, en todo caso, un exercicio de reflexión profesional parcial que agardamos que sexan de utilidade.

Non estaría mal recordar que empezou a ser un **tema de altísima preocupación** político-mediática cando empezou a poñerse en práctica a LOXSE, por motivos moi variados, pero seguramente pola confluencia do interese da dereita de desprestixiala co malestar dun profesorado de secundaria que se tiña que encontrar nas aulas cun alumnado en idade adolescente sen selección previa, que era a que establecía o Bacharelato dende os 14 anos.

Non é allea a esta situación a perda de importancia dos estudos como mecanismo de ascenso social ou mesmo a contundente perda da escola do seu papel como principal transmisora do coñecemento social dunha xeración a outra.

As numerosas investigacións daqueles anos 90 -a de maior mostra estatística fíxoa un grupo da UDC: R. Jares, X. (investigador principal) "Conflicto e convivencia nos centros escolares"- non reflectían unha situación tan dramática como nos medios se debuxaba. Porén, a cuestión entrou con forza no debate educativo e segue aí, moitas veces para ben, todo hai que dicilo. **En todo caso hai un certo consenso na importancia da convivencia no desenvolvemento das institucións educativas e mesmo no éxito ou fracaso académico.**

A tipoloxía actual da conflictividade na escola xunta os comportamentos de sempre: pelexas, abusos, acosos, roubos, insultos... con situacións novas, que son reflexo do que ocorre na sociedade: violencia de xénero ou familiar (da que so é nova a súa visibilidade), o consumo e tráfico de drogas, o racismo, a mala utilización das redes sociais etc. Tamén podemos apreciar como novidade que esa conflictividade afecta ou involucra en maior medida o profesorado do que o facía antes (con altofalantes como o "Defensor do Profesor" do sindicato AMPE, absolutamente discutibles nas súas intencións últimas).

A cuestión que decontado nos interesará abordar será a **orixe desa conflictividade** (que moitas veces desemboca en violencia, pero que resulta de importancia capital non confundir ambas), e sobre todo analizar a que podemos controlar. É común aos estudos que se fan ao respecto, que na atribución das causas as sitúen moi contundentemente fóra da institución escolar: violencia na sociedade e nos medios de comunicación, aparición dun uso impropio das TIC polos xoves, crise económica e social que produce unha violencia estrutural nas capas máis desprotexidas da sociedade, tamén unha deriva a valores de consumo que marxinan outros, como a solidariedade, a cooperación etc.

Tamén estimamos **como relevante ter en conta a influencia dos diferentes contextos** no que se move o alumnado á hora de valorar a convivencia. A saber: o ámbito social, onde o alumnado establece as súas relacións cos iguais e participa en actividades de todo tipo; o ámbito familiar, que ten unhas características moitas veces desfavorables para establecer as

bases dunha boa convivencia nos demais ámbitos; o ámbito dos centros que, xeneralizando, non deu articulado vías de convivencia máis alá das habilidades persoais-profesionais de cada quen. Tamén se recoñece a **importancia do período de vida adolescente** na dificultade da convivencia nas etapas que coinciden con esas idades.

Pero xa é moi pouco frecuente que **as causas internas, relativas ás propias institucións educativas**, sexan tan recoñecidas. Así, é pouco habitual que sexa recoñecido o currículo como unha fonte de conflito; porén, pensamos que é moi difícil que o alumnado participe nunhas clases nas que se trata de ensinalles algo que non lles interesa en absoluto. Tampouco é adoito que unha metodoloxía non participativa e transmisiva sexa considerada como orixe de conflitos, nin a escasa relación que se establece entre os contidos e o que se necesita para a vida ou para os seus intereses, ou como son o tipo de normas e como se elaboran, ou o corporativismo do profesorado que leva a xustificar e amparar situacións indefendibles dalgún compañeiro ou compañeira para co alumnado, ou a incoherencia do equipo docente na forma de abordar a ensinanza ou os mesmos conflitos.

Pódese concluír destacando a importancia que teñen na convivencia a **rixidez dos horarios e do agrupamento** do alumnado; a influencia da **metodoloxía** no clima que se crea na aula; a importancia do **currículo** como elemento que condiciona a vida da aula, dificultándoa cando está lonxe dos intereses e/ou da realidade do alumnado; a **selección do alumnado** que supoñen medidas como certa optatividade, a selección que se fai para as seccións bilingües ou o agrupamento do alumnado atendendo aos resultados académicos, por exemplo. Todas son posibles causas da aparición de conflitos ou, no mellor dos casos, impedimentos para a súa solución.

Polo tanto, cando temos que intentar atopar medidas ou alternativas de solución, só podemos acudir a aquelas sobre as que podemos actuar. É moi común, e tamén profundamente inútil, falar só das causas externas e esquecernos das internas, algunhas das cales acabamos de enumerar. Como estaremos de acordo en que a convivencia só mellora significativamente con **medidas preventivas**, o debate débemolo centrar en alternativas concretas para minorar as causas internas, moitas veces nin sequera será necesario –posiblemente tampouco útil– dicir que as medidas son para mellorar a convivencia, de tan obvia que é a necesidade de poñelas en marcha.

- Será necesario crear estruturas que fomenten e sustenten unha **cultura de convivencia democrática no centro**; pero sabendo que esas medidas, que son as que teñen a maior parte das veces transcendencia profesional e mesmo mediática, están pensadas para complementar as anteriores e/ou para crear un contorno convivencial con valores e normas diferentes ás que maioritariamente temos na sociedade. Neste apartado sería necesario falar das titorías entre iguais, dos mediadores e da mediación, do alumnado axudante, das comisións de convivencia, das estruturas de comunicación entre os centros de procedencia e os de acollida, dos mecanismos de comunicación coas familias e entre o alumnado, das aulas de convivencia, dos espazos

de reflexión, das titorías como un espazo marco para os debates de convivencia nos grupos etc.

- É importante promover a existencia dunha **Rede social complementaria de axuda á convivencia**; por exemplo, a través de profesionais da educación social. Cando, como e con quen poden actuar? Como debe ser o perfil destes profesionais? Que relación se podería/debería establecer cos centros educativos?

Un exemplo a ter en consideración para responder algún dos interrogantes pode ser o **Programa Aleida** coa colaboración interinstitucional de Igaxes 3, Obra Social “la Caixa” e os Concellos de Santiago e Ames. Este proxecto, que en principio se presenta como de diminución do fracaso escolar, está dirixido a rapaces e rapazas entre 6º de primaria e 4º da ESO e pon como obxectivos os seguintes:

- Reducir as condutas disruptivas.
- Previr o fracaso escolar e/ou risco de exclusión social.
- Formar na autonomía e a independencia.
- Capacitar o alumnado das competencias socio-emocionais básicas, como a autoconciencia, autorregulación, autocontrol, motivación, empatía, manexo dos conflitos, colaboración e cooperación para favorecer o desenvolvemento da súa personalidade.
- Formar para previr situacións de risco derivadas do consumo de drogas, relacións sexuais inadecuadas e o mal uso das novas tecnoloxías (ciberacoso, sextorsión, sexting etc.)
- Traballar individualmente ou en grupos reducidos con aqueles alumnos e alumnas que, pola súa situación socio-familiar, requiren unha intervención máis específica.

Parecen estes obxectivos falarnos das interrelacións da convivencia con outros elementos e circunstancias que están presentes na vida escolar e social.

A presenza dos educadores e educadoras sociais nos centros escolares é unha realidade regulada desde hai xa tempo en comunidades como Estremadura, Castela - A Mancha, Andalucía e, máis recentemente, Canarias. Noutros contextos, a presenza destes profesionais en programas ou accións concretas realízase pola vía da colaboración cos departamentos de educación e/ou servizos sociais dos concellos, tal e como sucede en Euskadi, Illes Balears ou Madrid. En calquera caso, as súas funcións relaciónanse co desenvolvemento de plans e accións de convivencia e atención á diversidade.

- **A atención á diversidade como elemento que inflúe na convivencia.** O ánimo de facer unha escola inclusiva é condición necesaria para a mellora da convivencia, e as dificultades no noso sistema e na cultura escolar que temos -sobre todo no ensino secundario- son moitas. Faise notar ao respecto que o 85% do alumnado finlandés tivo necesidade dalgunha intervención específica ao longo da súa escolarización, o que nos fala da necesidade de xeneralizar e normalizar as axudas, e sen provocar o “sinalización” do alumnado. Para abundar no tema, pode consultarse a seguinte

publicación: Melgarejo, X. (2013) *Gracias, Finlandia: Lo que podemos aprender del sistema educativo de mas éxito*, Plataforma. Barcelona.

- **A titoría como instrumento ou espazo para fomentar a convivencia e abordar os conflitos.** A coordinación da acción docente a través das titorías considérase tamén un elemento clave na convivencia. Para melloralala e potencialala habería que atopar espazos de contacto entre o profesorado do mesmo grupo. A actual estrutura dos centros non favorece tal traballo; mesmo se valora como urxente que a consideración dos Departamentos didácticos como os eixes da participación profesional nos centros de secundaria debía de ser compartida polos equipos de nivel ou de aula, cos oportunos cambios na habilitación de tempos e demais condicións. Tamén se considera fundamental a necesidade de formación do profesorado na xestión das emocións, non só como complemento á titoría -que tamén- senón como unha forma de humanizar e personalizar o proceso educativo, sen caer nos tópicos de manuais de autoaxuda ou de *coaching* (adestramento persoal).

Como van influír os cambios da LOMCE na convivencia? Hai elementos da LOMCE que percibimos como claramente distorsionadores do clima de convivencia, como a eliminación de Educación para a cidadanía do currículo, o incremento da importancia e do horario das materias de carácter académico tradicional (tratando as demais como secundarias) e as avaliacións externas, que serán un elemento que polarice os esforzos profesionais en detrimento doutros obxectivos que poderían favorecer a convivencia. Pero o máis preocupante seguramente será a filosofía que impregna esta nova lei, que considera a educación como algo meramente instrumental e que reverdece o debate profesional sobre educación vs. instrución, que hoxe afortunadamente estaba sendo superado -con certa lentitude, iso si- e que volverá ser alentado dada a importancia que se lles concede aos resultados instrutivos e á marxinación dos obxectivos que pretenden a formación de cidadanía reflexiva e crítica, obxectivos que favorecen a convivencia nun marco democrático e non autoritario.

Como dicíamos ao principio, a análise da convivencia implica ter en conta diversas perspectivas. Deixamos para futuras aproximacións a consideración destes aspectos:

- A situación das familias no momento actual como condicionante da convivencia nos centros. Dende a demografía ata os tempos familiares.
- A percepción social dos dereitos e dos deberes como condicionante dos comportamentos dos distintos sectores que interveñen na convivencia dos centros educativos.
- Por último, e así debe de ser, as **medidas sancionadoras** e como utilízalas: os partes de incidencia, a diversidade de medidas reparadoras e, para o final, das punitivas.

Outros documentos de referencia sobre esta temática elaborados por [Nova Escola Galega](#) e/ou polo [Grupo de Traballo Educadores/as pola Paz](#).